

La Voz de Galicia

Bases do sorteo “Gaña unha destas 3 cestas elaboradas con produtos da provincia de Lugo”

1ª.- EMPRESA ORGANIZADORA:

LA VOZ DE GALICIA, S.A., con domicilio en Rolda de Outeiro, 1-3 baixo, 15006 A Coruña, e con CIF A-15000649.

2ª.- ÁMBITO TERRITORIAL:

Galicia.

3ª.- PROMOCIÓN:

Poderán participar todos aqueles lectores e subscritores que localicen a cesta na páxina web do diario "La Voz de Galicia", www.lavozdeg Galicia.es, entre os días 27 xaneiro e 2 de febreiro de 2014, e que ao picar nel cumpran os seus datos no formulario que aparecerá.

O sorteo realizarase entre todos os que cumprisen os seus datos no formulario aloxado na web de La Voz de Galicia entre as 0.01 horas do luns 27 de xaneiro e as 23:59 do domingo 2 de febreiro de 2014.

Non poderán participar no sorteo os empregados das empresas que compoñen a Corporación Voz de Galicia; nin tampouco os seus cónxuxes nin parentes en primeiro grao de consanguinidade ou afinidade.

Tampouco poderán participar menores de idade.

4ª.- PREMIO:

O premio consistirá en tres (3) cestas (unha para cada gañador) con produtos de Lugo compostas cada unha delas por:

- 2 Chouriciños afumados de Vilalba
- 2 Salchichón cular de Vilalba
- 2 Oruxo branco de Becerreá
- 2 Licor café de Becerreá
- 2 Licor de herbas de Becerreá
- 2 Crema de oruxo de Becerreá
- 2 Tortalena de Guitiriz
- 2 Minimadalenas de améndoas de Guitiriz
- 2 Minitorta de Mondoñedo

La Voz de Galicia

- 2 Amendoados de Mondoñedo
- 2 Bolachas de castañas de Folgoso do Courel
- 2 Pastas variadas de Mondoñedo
- 2 Mel de flores do Valadouro
- 2 Crema de castaña de Folgoso do Courel
- 2 Marmeladas variadas de Folgoso do Courel

Os gañadores non poderán solicitar a conversión do seu premio a diñeiro nin a substitución por outro, nin tampouco o ceder a un terceiro.

La Voz de Galicia resérvase o dereito a obsequiar cun premio equivalente ante calquera incidencia na adquisición dos premios.

5ª.- SORTEO:

O premio sortearase nas instalacións de La Voz de Galicia sitas en Avda. da Prensa 84-85, Polígono Industrial de Sabón, 15142 Arteixo (A Coruña), o luns 3 de febreiro de 2014 ás 10:00, de forma automática mediante un proceso informático. Tamén se extraerán os datos de dez (10) persoas de reserva, os cales, por orde de selección, funcionarán como suplentes para o caso de que o gañador de calquera dos premios renuncie ou perda o dereito ao premio.

6ª.- COMUNICACIÓN AO GAÑADOR:

La Voz de Galicia poñerase en contacto co gañador do premio a través do número de teléfono que sinalase como teléfono de contacto no formulario e, nese momento, o gañador deberá comunicar se acepta ou rexeita o premio. Realizaranse tres intentos sucesivos para contactar co gañador no intervalo dunha hora. Se realizado o terceiro intento non tivese sido posible contactar co premiado, este perderá o dereito a gozar do premio.

O resultado do sorteo publicárase en La Voz de Galicia en data posterior.

La Voz de Galicia requirirá a presenza do premiado cantas veces sexan precisas co obxecto de celebrar actos simbólicos de entrega do premio, actos que serán cubertos informativamente por La Voz de Galicia incluíndo fotografías destes. Os dereitos de propiedade intelectual e de imaxe sobre as fotografías que da entrega e desfrute dos premios realice La Voz de Galicia, pasarán a ser titularidade desta sociedade (que poderá usalas nas súas actividades editoriais e de mercadotecnia). A non aceptación desta Base supón a perda do dereito ao premio.

Os premios enviaranse á dirección que faciliten os premiados en cada caso (dentro do ámbito

La Voz de Galicia

territorial desta promoción), unha vez postos en contacto telefónico con eles, nun prazo aproximado de 15 días dende a celebración do sorteo.

7ª.- ACEPTACIÓN DAS BASES:

Os concursantes, polo feito de participar, aceptan as presentes bases, así como as decisións que puidese adoptar La Voz de Galicia para os efectos da interpretación ou resolución de cuestións non recollidas nelas.

Calquera dúbida será resolta por La Voz de Galicia.

La Voz de Galicia resérvase o dereito a modificar, por causas xustificadas, as datas establecidas nas Bases 3ª e 5ª.

8ª.- DATOS DOS PARTICIPANTES:

A protección de datos de carácter persoal no marco do presente sorteo rexerase pola seguinte cláusula (a cal figura no formulario referido na Base 3ª): Informámolo de que os datos persoais que nos facilite a través deste formulario serán incorporados ás bases de datos de La Voz de Galicia, S.A. A cumprimentación dos campos marcados con (*) ten carácter obrigatorio co fin de tramitar a súa participación; por este motivo, de non facilitar estes datos, non poderemos atenderlle. Vostede consente expresamente que La Voz de Galicia, S.A. trate os seus datos para xestionar o sorteo e para ofrecerlle periodicamente información sobre os seus produtos, actividades, servizos e accións, incluíndo por medios de comunicación electrónica e aínda despois de finalizada a actuación. Igualmente, co fin de informar dos seus produtos ou servizos e facer ofertas comerciais (ao incluíndo por medios de comunicación electrónica), o consentimento outorgado considérase prestado para ceder os seus datos a outras empresas do Grupo ao que pertence La Voz de Galicia, S.A. relacionadas cos sectores editorial, de medios de comunicación (incluíndo prensa, raio e televisión) e investigación de mercados, mercadotecnia e opinión, que pode encontrar referenciadas, na web "www.lavozdeg Galicia.es". Vostede poderá en calquera momento opoñerse, acceder, cancelar e rectificar os seus datos dirixíndose a La Voz de Galicia, S.A. a través do correo electrónico lopdlavoz.es, ou mediante o envío dunha carta dirixida á dirección La Voz de Galicia, S.A. - Dpto. Mercadotecnia, Avda da Prensa, 84-85. Pol. Ind. de Sabón, 15142 Arteixo (A Coruña), acreditando a súa personalidade. Se Ud. non quere que lle informemos sobre os nosos produtos ou accións propias, fáganolo saber sinalándoo na seguinte casa ☐ ".